| CA4.1 - Elixir e ler de maneira autónoma obras relevantes que se relacionen coas propostas de lectura guiada, incluído o ensaio literario e obras actuais que establezan conexións coa tradición, e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural mediante a explicación argumentada dos criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e da experiencia de lectura.  | O alumnado ten que elaborar unha composición propia acerca das súas impresións sobre a literatura e as lecturas lidas, aplicando a precisión léxica e as normas ortográficas e gramaticais. |    |   |
| CA4.3 - Explicar e argumentar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico e coa tradición literaria, utilizando unha metalinguaxe específica e incorporando xuízos de valor vinculados á apreciación estética das obras.  | O alumnado ten que elaborar unha composición propia acerca das súas impresións sobre a literatura e as lecturas lidas, aplicando a precisión léxica e as normas ortográficas e gramaticais. |    |   |
| CA4.4 - Desenvolver proxectos de investigación que se concreten nunha exposición oral, un ensaio ou unha presentación multimodal, establecendo vínculos argumentados entre as obras da literatura española ou hispánica do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI obxecto de lectura guiada e outros textos e manifestacións artísticas de onte e de hoxe, en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe, recursos expresivos e valores éticos e estéticos, e explicitando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura. | O alumnado ten que elaborar unha composición propia acerca das súas impresións sobre a literatura e as lecturas lidas.  |    |   |
| CA4.6 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e a análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.   | O alumnado ten que identificar e non usar elementos discriminatorios nas súas producións.   |    |   |
| CA5.1 - Incorporar procedementos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical.  | O alumnado ten que elaborar unha composición propia acerca das súas impresións sobre a literatura e as lecturas lidas.  |    |   |
| CA5.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos especializados avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.   | O alumnado ten que valorar criticamente un texto periodístico para expresar os seus argumentos.   |    |   |
| CA5.3 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica, e identificar e solucionar problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.  | O alumnado ten que revisar o texto periodístico para expresar os seus argumentos.   |    |   |
| CA5.4 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e unha metalinguaxe específica.   | O alumnado ten que valorar criticamente un texto periodístico para expresar os seus argumentos.   |    |   |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA5.5 - Elaborar e presentar os resultados de pequenos proxectos de investigación sobre aspectos relevantes do funcionamento da lingua, formulando hipóteses e establecendo xeneralizacións, utilizando os conceptos e a terminoloxía lingüística adecuada e consultando de maneira autónoma dicionarios, manuais e gramáticas.  | O alumnado ten que elaborar unha composición propia acerca das súas impresións sobre a literatura e as lecturas lidas.                      |           |          |
| CA1.1 - Recoñecer e valorar as linguas oficiais de España e as variedades dialectais do español, con especial atención ao galego e ao castelán, contrastando de maneira explícita e coa metalinguaxe apropiada aspectos lingüísticos e discursivos das linguas e os dialectos en manifestacións orais, escritas e multimodais, diferenciando os trazos de lingua que responden á diversidade dialectal dos que se corresponden con sociolectos ou rexistros. | O alumnado ten que recoñecer as línguas e variedades dialectais do español.   |           |          |
| CA1.2 - Refutar prexuízos e estereotipos lingüísticos adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural, lingüística e dialectal, atendendo á diversidade de normas cultas e estándares que se dan nunha mesma lingua, así como analizando e valorando a relevancia actual dos medios de comunicación e das redes sociais nos procesos de normalización lingüística.  | O alumnado ten que valorar a riqueza léxica e gramatical do español e as súas variedades.   |           |          |
| CA1.3 - Identificar e evitar os usos discriminatorios da lingua, os abusos de poder a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe a partir da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais que rexen a comunicación entre as persoas.  | O alumnado ten que valorar a riqueza léxica e gramatical do español e as súas variedades.   |           |          |
| CA1.4 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos tanto no ámbito persoal como no educativo e social.  | O alumnado ten que saber solucionar conflitos verbais en todos os ámbitos.  |           |          |
| CA2.3 - Identificar o sentido global, a estrutura, a información relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais especializados, con especial atención a textos académicos e dos medios de comunicación, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.   | O alumnado ten que seleccionar a información precisa e adecuada para a elaboración dos textos.  |           |          |
| CA2.5 - Localizar, seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes, atendendo á xestión do seu almacenamento e recuperación, así como á avaliación da súa fiabilidade e pertinencia.  | O alumnado ten que seleccionar a información precisa e adecuada para a elaboración dos textos.  |           |          |
| CA2.6 - Avaliar a veracidade de noticias e informacións, con especial atención ás redes sociais e outros contornos dixitais, seguindo pautas de análises, contraste e verificación, facendo uso das ferramentas adecuadas e mantendo unha actitude crítica fronte aos posibles nesgos da información.  | O alumnado ten que contrastar a información que emprega para os argumentos e opinións sobre textos das redes sociais o de diferente índole. |           |          |
|  |   | TI        | 10       |

| <b>Criterios de avaliación</b>   | <b>Mínimos de consecución</b>   | <b>IA</b> | <b>%</b> |
|--|---|-----------|----------|
| CA3.2 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais (formais e informais) e no traballo en equipo con actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e cortesía lingüística.  | O alumnado ten que participar de forma activa nas interaccións orais da aula.                     |           |          |
| CA3.6 - Revisar os propios textos e facer propostas de mellora argumentando os cambios a partir da reflexión metalingüística e interlingüística e cunha metalinguaxe específica.   | O alumnado ten que resolver os conflitos orais en diferentes ámbitos.                             |           |          |
| CA4.2 - Compartir a experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e elaborar unha interpretación persoal establecendo vínculos argumentados con outras obras e outras experiencias artísticas e culturais. | O alumnado ten que expoñer co grupo-clase as súas experiencias e opinións culturais e artísticas. |           |          |

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

| <b>Contidos</b>  |
|--|
| <ul style="list-style-type: none"> <li>- As linguas de España e os dialectos do español.</li> <li>- Estratexias avanzadas da reflexión interlingüística.</li> <li>- Diferenzas entre os trazos propios das variedades dialectais (fónicos, gramaticais e léxicos) e os relativos aos sociolectos e os rexistros.</li> <li>- Indagación e explicación dos conceptos de norma culta e estándar, atendendo á súa utilidade e á súa diversidade na lingua española.</li> <li>- Os medios de comunicación e as redes sociais nos procesos de normalización lingüística.</li> <li>- Detección de prexuízos e estereotipos lingüísticos coa finalidade de combatelos.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Interpretación dos xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.</li> <li>- Comprensión e análise crítica dos xéneros discursivos propios do ámbito social. As redes sociais e medios de comunicación.</li> <li>- Procesos de comprensión, análise e interpretación de diversos tipos de textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Recoñecemento dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.</li> <li>- Identificación dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.</li> <li>- Localización e clasificación de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.</li> <li>- Recoñecemento dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.</li> <li>- Contexto vinculado ás estratexias de produción de textos orais, escritos e multimodais de diferentes ámbitos: os compoñentes do feito comunicativo.</li> <li>- Elaboración de textos tendo en conta os compoñentes do feito comunicativo: grao de formalidade da situación e carácter público ou privado; distancia social entre os interlocutores; propósitos comunicativos e interpretación de intencións; canle de comunicación e elementos non verbais da comunicación.</li> <li>- Os xéneros discursivos desde o punto de vista da creación de textos orais, escritos e multimodais.</li> </ul> |

## Contidos

- Respecto polas propiedades textuais nas creacións propias: coherencia, cohesión e adecuación.
- Xéneros discursivos propios do ámbito educativo. Os textos académicos.
- Xéneros discursivos do ámbito social. Producción de textos propios das redes sociais e dos medios de comunicación.
- Procesos de composición e revisión de diversos tipos de textos propios de natureza oral, escrita e multimodal.
- Producción escrita. Proceso de elaboración: planificación, redacción, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica.
- Uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos propios orais, escritos e multimodais.
- Emprego axeitado das formas lingüísticas de expresión da subxectividade e da obxectividade e nos textos propios.
- Uso dos recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación.
- Utilización adecuada de conectores, marcadores discursivos e outros procedementos léxico-semánticos e gramaticais que contribúen á cohesión do texto.
- Establecemento das relacións entre as formas verbais como procedementos de cohesión do texto con especial atención ao uso dos tempos verbais.
- Corrección lingüística e revisión ortográfica, gramatical e tipográfica dos textos. Uso eficaz de dicionarios, manuais de consulta e de correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Emprego correcto dos signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito e a súa relación co significado.
- Lectura autónoma de obras de autoras e autores relacionadas coas propostas de lectura guiada que susciten reflexión sobre o propio itinerario lector, así como a inserción no debate interpretativo da cultura. Procesos e estratexias.
- Selección das obras relevantes, incluído o ensaio literario e formas actuais de produción e consumo cultural, coa axuda de recomendacións especializadas.
- Participación activa no circuíto literario e lector en contexto presencial e dixital. Utilización autónoma de todo tipo de bibliotecas. Acceso a outras experiencias culturais.
- Expresión argumentada dos gustos lectores persoais. Diversificación do corpus lido, atendendo aos circuítos comerciais do libro e distinguindo entre literatura canónica e de consumo, clásicos e bestsellers.
- Comunicación da experiencia lectora utilizando unha metalinguaxe específica e atendendo a aspectos temáticos, xénero e subxénero, elementos da estrutura e o estilo, e valores éticos e estéticos das obras.
- Recomendación das lecturas en soportes variados, atendendo a aspectos temáticos, formais e intertextuais. Utilización das redes sociais e os formatos audiovisuais para o fomento da lectura.
- Lectura guiada de obras relevantes da literatura española do último cuarto do século XIX e dos séculos XX e XXI, inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero arredor de tres eixes: (1) Idade de Prata da cultura española (1875-1936); (2) Guerra Civil, exilio e ditadura; (3) Literatura española e hispanoamericana contemporánea. Procesos e estratexias.
- Construción compartida da interpretación das obras a través de discusións ou conversas literarias.
- Análise dos elementos constitutivos do xénero literario e a súa relación co sentido da obra. Efectos na recepción dos seus recursos expresivos.
- Utilización da información sociohistórica, cultural e artística para interpretar as obras e comprender o seu lugar na tradición literaria.
- Vínculos intertextuais entre obras e outras manifestacións artísticas en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e ruptura.
- Expresión argumentada da interpretación dos textos, integrando os diferentes aspectos analizados e atendendo aos seus valores culturais, éticos e estéticos. Lectura con perspectiva de xénero.
- Creación de textos de intención literaria a partir das obras lidas.

## Contidos

- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha metalinguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Diferenzas relevantes e interseccións entre lingua oral e lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos.
- A lingua como sistema interconectado tendo en conta os diferentes niveis: fonolóxico, morfolóxico, sintáctico e semántico.
- Uso autónomo de dicionarios, manuais de gramática e outras fontes de consulta para obter información gramatical de carácter xeral.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

Os criterios metodolóxicos que guiarán a intervención educativa na materia de Lingua Castelá e Literatura en Castellana y Literatura en 2º de Bacharelato oríentanse cara o desenvolvemento do pensamento abstracto e crítico do alumnado, afianzando as súas capacidades persoais, sociais e académicas. Esta metodoloxía pretende equilibrar a autonomía individual co traballo colaborativo, fomentando unha aprendizaxe baseada na investigación, no descubrimento e na toma de decisións responsables.

Principios metodolóxicos clave:

1. Aprendizaxe activo e autónomo: Promoverase a implicación directa do alumnado no seu proceso de aprendizaxe, estimulando a súa capacidade de indagación, selección de información e transformación desta en coñecemento a través do uso das TIC. Este enfoque facilita que o alumno asuma un papel activo na súa formación, afastándose da mera recepción pasiva de contidos.

2. Desenvolvemento do pensamento crítico e reflexivo: As actividades estarán deseñadas para que o alumnado sexa quen de analizar, razonar e resolver problemas de xeito lóxico y fundamentado. Incentivarase a reflexión sobre a linguaxe e a literatura como ferramentas para comprender e cuestionar a realidade.

3. Interdisciplinariade: Buscarase a conexión con outras disciplinas do currículo para enriquecer a comprensión e aplicación do coñecemento lingüístico e literario. A colaboración con outros departamentos e coa Biblioteca Escolar será fundamental para fortalecer as competencias comunicativas e o pensamento crítico do alumnado.

4. Traballo en equipo e colaboración: Alén de fomentar a autonomía, incentivarase o traballo en equipo, permitindo que os estudantes desenvolvan habilidades sociais e colaborativas. As actividades de grupo estarán deseñadas para promover a discusión, o intercambio de ideas e a creación conxunta de proxectos significativos.

5. Enfoque en contextos auténticos e significativos: As tarefas e proxectos estarán contextualizadas en situacións reais e recoñecibles para o alumnado, o que favorecerá unha aprendizaxe máis significativa e comprometida. Buscarase relacionar os contidos con temas actuais e relevantes, coma o desenvolvemento sostible, os dereitos humanos e a convivencia democrática.

6. Fomento da creatividade e a expresión persoal: Valorarase o desenvolvemento da creatividade nas producións escritas e orais, alentando ao alumnado a explorar diferentes formas de expresión e a experimentar coa linguaxe dende unha perspectiva persoal e artística.

Aplicación destes principios na planificación didáctica:

- Actividades complexas baseadas en textos académicos e literarios: Deseñaranse actividades que esixan ao alumnado mobilizar unha ampla gama de recursos e coñecementos, favorecendo así o desenvolvemento das súas habilidades críticas e creativas. A comprensión e produción de textos de diferentes xéneros discursivos será clave para este proceso.

- Flexibilidade na organización da aula: Promoverase o emprego de diferentes tipos de agrupamentos segundo as actividades. O gran grupo será axeitado para exposicións orais, debates e síntesis finais, mentres que os pequenos grupos e parellas permitirán o desenvolvemento de proxectos de investigación e creación literaria. As actividades individuais, pola súa parte, enfocaranse na avaliación de coñecementos específicos.

- Integración da lectura autónoma e guiada: Fomentarase a lectura de obras literarias relevantes, tanto de xeito autónomo como guiado, para desenvolver a capacidade crítica do alumnado. Traballarase tanto con textos impresos como dixitais, recoñecendo as particularidades de cada formato e o seu impacto na competencia lectora.

- Proxectos colaborativos e transversais: Incentivarase a creación de proxectos que integren coñecementos de diferentes áreas, vinculando a literatura con outras manifestacións culturais e artísticas. Estes proxectos presentaranse mediante diversas ferramentas, coma recursos educativos abertos (REA), actividades de gamificación,

catálogos literarios e produtos multimedia.

Este enfoque metodolóxico ten como obxectivo final non só a adquisición de coñecementos, senón tamén o desenvolvemento integral do alumnado, preparándoo para enfrentar os retos do século XXI cunha formación sólida, crítica e creativa.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

| Denominación   |
|--|
| -Materiais preparados polo docente.                      |
| -Emprego de recursos dixitais (enlaces a dicionarios)    |
| -Emprego de soporte dixital (Aula Virtual)               |
| -Libro de lectura obrigatoria en papel e soporte dixital |

A profesora articulará as medidas que considere necesarias para o pleno desenvolvemento da práctica na aula: publicacións para ilustrar temas e cuestións concretas, antoloxías de textos, prensa, revistas e recursos informáticos. Os materiais axeitados para o desenvolvemento deste método son as actividades propostas pola profesora.

Os recursos dixitais son unha valiosa ferramenta na procura de información e documentación:

1- No Bacharelato empregárase a Aula Virtual como plataforma dixital. Nesta colgaráanse os contidos da materia, preparados previamente pola profesora.

2- Enlaces web a contidos de reforzo, ampliación e ferramentas TIC que complementan os contidos e facilitan a realización de actividades e tarefas.

Neste sentido, recomendamos o uso destes sitios web:

<http://www.cervantesvirtual.com> [www.bibliotecavirtual.com.do](http://www.bibliotecavirtual.com.do) [www.elcastellano.com](http://www.elcastellano.com) <http://dle.rae.es/>

<http://recursos.cnice.mec.es/lengua/alumnos/bac1/b2/t/index.html>

3- Vídeos para traballar a comprensión e expresión oral, e a aproximación e motivación a determinados contidos.

4- Reprodución de material audiovisual (cancións, vídeos, etc. de diferentes plataformas) para o desenvolvemento da comprensión e expresión oral.

5- Para o traballo do léxico, constante ao longo da educación secundaria obrigatoria e postobrigatoria, e co fin de acadar o obxectivo de mellorar a competencia lingüística do alumnado e o seu enriquecemento persoal mediante o dominio do vocabulario, utilizaranse dicionarios: a da R.A.E., recomendada como imprescindible para traballar na casa, a de uso de María Moliner, a ideolóxica de J. Casares, a etimolóxica de Corominas, as de sinónimos e antónimos, de dúbidas e dificultades do castelán e unha dicionario de argot, argot e modismos.

6- O Departamento dispón de materiais de apoio para que o alumnado que teña problemas nalgúns aspectos da materia poida traballalos individualmente. Así, hai cadernos de ortografía, gramática, expresión escrita, práctica de comentario de textos, etc.

7- A biblioteca do centro ofrece boas posibilidades de uso, dado que conta co apoio do profesorado, e os seus fondos servirán en moitos casos como material de consulta e como estratexia de fomento da lectura.

Ademais, durante o desenvolvemento do curso, o alumnado terá catro lecturas obrigatorias, estando definida polo momento a da primeira avaliación:

El lector de Julio Verne, Almudena Grandes (Editorial Tusquets).

Romancero gitano, Federico García Lorca (Editorial Akal).

La Fundación, Antonio Buero Vallejo (Editorial Austral).

Crónica de una muerte anunciada, Gabriel García Márquez (Editorial Debolsillo).

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial consistirá nunha pequena proba que a docente realizará para coñecer o punto de partida do alumnado que chega novo ao centro, un repaso de contidos vistos o curso anterior por parte do resto do alumnado, a partir de aí, saber a onde se quere chegar, en consonancia co currículo de 2º de Bacharelato.

Deste xeito, serviralle devandita proba para coñecer as principais destrezas e contidos que o alumnado adquiriu, a través das diferentes competencias, en cursos anteriores. Esta podería estar formada por preguntas do seguinte calibre:

- 1- Un texto con preguntas (comprensión escrita).
- 2- Actividades sobre morfoloxía (categorías gramaticais).
- 3- Actividades de sintaxe.
- 4- Unha actividade de expresión escrita (compoñer algún tipo de opinión sobre o tema do texto).

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

| Unidade didáctica             | UD 1      | UD 2      | UD 3      | UD 4      | UD 5      | UD 6      | UD 7      | UD 8      | UD 9      | Total      |
|-------------------------------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|-----------|------------|
| <b>Peso UD/<br/>Tipo Ins.</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>15</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>10</b> | <b>100</b> |
| <b>Proba escrita</b>          | 90        | 90        | 90        | 90        | 90        | 90        | 90        | 90        | 90        | <b>90</b>  |
| <b>Táboa de indicadores</b>   | 10        | 10        | 10        | 10        | 10        | 10        | 10        | 10        | 10        | <b>10</b>  |

### Criterios de cualificación:

Acórdase por consenso que as cualificacións entre avaliacións se expresarán por truncamento.

A media final farase a partir das cualificacións con decimais obtidas en cada avaliación e esta aproximarase redondeando á unidade (se a décima é igual ou superior a seis pasarase á unidade superior; se non, á unidade inferior), Esta aproximación final realizarase sempre como único criterio para todo o alumnado dese nivel.

Se algún alumno é sorprendido copiando ou utilizando calquera tipo de dispositivo electrónico (teléfono móbil, iPod, auriculares, etc.), cualificarase co mínimo legal e será sancionado con aquelas medidas recollidas pola NOF do centro.

Dentro destes criterios de cualificación, determinaremos os seguintes aspectos:

- a) 70%: realizarase, alomenos, tres probas escritas trimestrais, divididas en gramática, comentario crítico e literatura.
- b) 20%: proba escrita do libro de lectura obrigatoria (irá coa proba escrita de literatura).
- c) 10%: comentarios críticos (o alumnado realizará, alomenos, un comentario por trimestre para entregar).

A corrección formal e a destreza no uso da lingua restará ata un máximo de 2 puntos.

Como exemplo, introducimos os seguintes elementos para todos os exames:

MÁRGENES Y PRESENTACIÓN POR CARILLA (-0,1 / carilla)

ERROS ORTOGRÁFICOS (-0,2 / erro).

ACENTOS GRÁFICOS NON REPETIDOS (-0,1 / erro).

ERROS NO USO DO LÉXICO DEBIDO A UN USO INADECUADO, INTERFERENCIAS LINGÜÍSTICAS, INCORPORACIÓNS, ERROS GRAMATICAIS, (-0,1 / erro)

### Criterios de recuperación:

Ao alumnado que non precise dun programa de atención específico e non teña superado o conxunto mínimo de probas esixido para unha avaliación trimestral positiva proporánselles actividades de reforzo que incidan na aprendizaxe daqueles contidos que non teñan adquiridos. Ao remate do curso, aqueles alumnos que non obtivesen os requisitos mínimos no conxunto de coñecementos previstos para unha avaliación positiva terán a posibilidade de realizar unha proba de avaliación sobre a adquisición dos ditos mínimos a finais do mes de maio. De non superarse, en xuño procederase a unha convocatoria extraordinaria marcada polo centro.



Os criterios serán os seguintes:

- a) Despois de facer a media dos tres trimestres, o alumnado que obteña entre un 4,5-4,99 terá automaticamente un 5 na avaliación final.
- b) Unha vez realizada a media dos tres trimestres, o alumnado que obteña unha nota igual ou superior a 5 terá aprobado o curso.
- c) Despois de facer a media dos tres trimestres, o alumnado que obteña unha nota inferior a 4,5 deberá realizar unha proba escrita cos principais criterios e contidos vistos ao longo do curso. Terá dúas oportunidades: unha antes de rematar o terceiro trimestre e outra no mes de xuño (extraordinaria).
- d) O alumnado que non supere cun 5 a proba escrita de recuperación antes de que remate o terceiro trimestre, poráselle a nota máis alta, sexa a da media das tres avaliacións ou a da recuperación. No caso de non ter recuperado, irá a proba do mes de xuño (extraordinaria).

## 6. Medidas de atención á diversidade

As aulas son o reflexo da diversidade e da riqueza cultural da sociedade na que vivimos. Esta diversidade maniféstase nas diferentes capacidades, ritmos de aprendizaxe, intereses e experiencias persoais do alumnado. Polo tanto, a atención á diversidade convértese nun principio fundamental que debe orientar a acción educativa, co obxectivo de garantir a igualdade de oportunidades, previr o fracaso escolar e reducir o risco de abandono educativo.

Neste sentido, a atención á diversidade enténdese coma un conxunto de medidas e estratexias deseñadas para responder de forma axeitada ás necesidades educativas de cada estudante, respectando as súas características individuais e fomentando un entorno inclusivo. Estas medidas se ríxense polos principios de equidade, calidade e inclusión, asegurando que cada alumno e alumna teña acceso a unha educación significativa e adaptada ás súas capacidades.

Principios Fundamentais:

1. Inclusión educativa como valor central: A diversidade do alumnado debe ser recoñecida e valorada coma un factor que enriquece o contexto educativo. A inclusión implica crear unha contorna na que ródas persoas, independentemente das súas características, poidan acceder a experiencias de aprendizaxe significativas e desenvolver ao máximo as súas potencialidades.

2. Equidade e personalización da aprendizaxe: É fundamental axustar as estratexias educativas ás características individuais do alumnado. Isto implica ofrecer diferentes vías de acceso ao coñecemento e adaptar as metodoloxías e recursos para que cada estudante poida aprender ao seu propio ritmo e según as súas capacidades.

3. Prevención do fracaso escolar: Implementaranse medidas que axuden a identificar e apoiar aos estudantes en risco de fracaso escolar, ofrecendo programas de reforzo e ampliación para aqueles que o precisen. Prestarase especial atención a aqueles factores que poidan dificultar a aprendizaxe, proporcionando as ferramentas precisas para superalas.

Estratexias de atención á diversidade:

1. Metodoloxías diversificadas e flexibles: Empregaranse metodoloxías que permitan atender aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe. A combinación de enfoques pedagóxicos, coma a aprendizaxe cooperativa, o emprego das TIC e a ensinanza baseada en proxectos, facilitará a adaptación ás necesidades individuais do alumnado.

2. Agrupamentos heteroxéneos e adaptacións curriculares: Promoverase a diversidade nos agrupamentos, facilitando tanto o traballo individual coma en grupo. Alén diso, realizaranse adaptacións curriculares e itinerarios diferenciados será propostos para aqueles estudantes que así o requiran, asegurando que todos e todas sexan quen de acadar os obxectivos da etapa.

3. Deseño de tarefas e proxectos significativos: As actividades propostas estarán contextualizadas en situacións reais e cercanas ao alumnado, o que lles permitirá conectar as aprendizaxes coa súa vida cotiá. Os proxectos colaborativos fomentarán a participación activa de tódolos estudantes, reforzando a súa autoestima e motivación.

4. Reforzo da interacción e a cooperación: O traballo en equipo será unha ferramenta chave para desenvolver habilidades sociais e colaborativas. A través do diálogo e a interacción, o alumnado aprenderá a respectar diferentes puntos de vista, asumir responsabilidades e adaptarse ás necesidades do grupo.

5. Gradación da aprendizaxe: O proceso de aprendizaxe será gradual e progresivo, adaptándose ao nivel de complexidade que cada estudante poida manexar. Isto permitirá que o alumnado adquiera competencias máis complexas de xeito autónomo e ao seu propio ritmo.

6. Resolución de conflitos e toma de decisións: Fomentarase a participación activa do alumnado na resolución de problemas e na toma de decisións, promovendo o desenvolvemento de xuízos morais e a reflexión crítica sobre problemas sociais e históricos.

Finalmente, utilizaranse ferramentas e protocolos específicos para a detección temprana de necesidades educativas, co fin de ofertar respostas efectivas e personalizadas. A colaboración coa comunidade educativa será esencial para garantir que estas medidas de atención á diversidade sexan aplicadas de xeito coherente i eficaz, contribuíndo ao desenvolvemento de todo o alumnado.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

|   | UD 1 | UD 2 | UD 3 | UD 4 | UD 5 | UD 6 | UD 7 | UD 8 |
|---|------|------|------|------|------|------|------|------|
| ET.1 - Igualdade  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.2 - Medio ambiente   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.3 - Espíritu crítico e respecto pola diferente de opinións | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.4 - TICs   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.5 - Defensa dos dereitos humanos                           | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.6 - Rexeito a calquera tipo de violencia                   | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |
| ET.7 - Convivencia  | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    | X    |

|   | UD 9 |
|---|------|
| ET.1 - Igualdade  | X    |
| ET.2 - Medio ambiente   | X    |
| ET.3 - Espíritu crítico e respecto pola diferente de opinións | X    |
| ET.4 - TICs   | X    |
| ET.5 - Defensa dos dereitos humanos                           | X    |
| ET.6 - Rexeito a calquera tipo de violencia                   | X    |
| ET.7 - Convivencia  | X    |

**Observacións:**

A acción educativa debe fomentar de maneira transversal valores como a igualdade entre homes e mulleres, a non discriminación por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a educación para a saúde, a formación estética, a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, o respecto mutuo e a cooperación entre iguais.

As situacións de aprendizaxe desta materia deben adestrar o alumnado no uso de valores que lle permitan facer un uso eficaz e ético das palabras; ser persoas respectuosas coas diferenzas; ser competentes para exercer unha cidadanía dixital activa; ser capaces de aprender por si mesmas e colaborar e traballar en equipo; ser creativas e emprendedoras; e comprometidas co desenvolvemento sostible e a salvagarda do patrimonio artístico e cultural, a defensa dos dereitos humanos e a convivencia igualitaria, inclusiva, pacífica e democrática.

Evitaremos os comportamentos e os contidos sexistas e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero.

A comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o emprendemento social e empresarial, o fomento do espírito crítico e científico, a educación emocional e en valores, a igualdade de xénero e a creatividade traballaranse en todas as materias. A materia de Lingua Castelá e Literatura debe contribuír tamén a incorporar elementos relacionados co desenvolvemento sostible e a protección do medio ambiente e coas situacións de risco derivadas do uso das TIC.

## 7.2. Actividades complementarias

| Actividade               | Descrición   | 1º trim. | 2º trim. | 3º trim. |
|--------------------------|--|----------|----------|----------|
| Vídeos.                  | O visionado de vídeos é un excelente vehículo para completar e enriquecer as aprendizaxes do noso alumnado. Podemos visionar películas baseadas nalgúns dos libros lidos en clase. Esta actividade, ademais de relacionar linguaxes distintas, axudará a mellorar as habilidades de comunicación do alumnado, as habilidades sociais (destrezas conversacionais tanto verbais como non verbais) e a expresión de emocións. Tamén é unha actividade idónea para potenciar a autoestima dos participantes. | X        | X        | X        |
| Obradoiros de escritura. | Este obradoiro permitirá achegarnos á linguaxe desde un enfoque máis vivencial. Implica un traballo coa escritura e coa a lectura, en tanto que son competencias transversais no currículo académico. Supón reforzar a capacidade de comprensión do alumnado, a adquisición dun espírito crítico, o desenvolvemento da creatividade e dun hábito lector.   | X        |          |          |

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

| Indicadores de logro  |
|---|
| Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico  |
| Proba escrita de recuperación, en beneficio do alumnado, no mes de maio para quen teña dificultades para obter unha nota positiva na materia. |

|   |
|---|
| <b>Metodoloxía empregada</b>  |
| Actividades de desenvolvemento na que se traballarán contidos que foron vistos e profundizaráanse neles.                        |
| Actividades cunha escolma de textos para facer fincapé nos principais aspectos literarios e lingüísticos.                       |
| Actividades de investigación nas que buscará información sobre aspectos vistos na aula.   |
| Emprego de probas escritas para a avaliación da consecución destes contidos por parte do alumnado.                              |
| Emprego de rúbricas para avaliar aspectos relacionados coa creación propia e profundización na lectura.                         |
| <b>Medidas de atención á diversidade</b>  |
| Actividades de reforzamento e profundización nas que o alumnado poderá repasar todo o visto na unidade actual e nas anteriores. |
| Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais  |
| Proba extraordinaria marcada polo centro para recuperar contidos e criterios non acabados polo alumnado.                        |
| <b>Outros</b>   |
| Actividade de inicio como punto de partida do alumnado  |

### **Descrición:**

A avaliación da práctica docente favorece os procedementos de análise, reflexión e debate arredor da realidade educativa do centro sobre os seguintes aspectos:

- A xestión adecuada do tempo para a planificación do proceso de ensino-aprendizaxe na aula.
- A concreción do currículo, a súa adaptación ao contexto e a organización efectiva dos contidos, actividades e obxectivos propostos.
- A avaliación dos resultados obtidos polo alumnado e a adopción das medidas de mellora adaptadas ás súas necesidades de aprendizaxe.
- A construción dun clima de empatía, confianza e convivencia harmónica na aula.

### **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

A programación didáctica da materia de Lingua Castelá e Literatura estará dispoñible para a comunidade educativa do centro. Alén diso, será obxecto de seguimento e avaliación a través da aplicación PROENS e poderá sufrir as modificacións precisas para adaptarse ás necesidades educativas do alumnado, en beneficio da correcta evolución do proceso de ensino-aprendizaxe e da consecución dos obxectivos establecidos. Ditas modificacións, debidamente xustificadas, figurarán tamén nas actas das reunións de departamento e na memoria final da materia.

A avaliación da programación realizarase a través dos seguintes indicadores de logro:

- A programación didáctica elaborouse de maneira coordinada coa colaboración de todo o profesorado do departamento.
- A programación didáctica especifica e completa as decisións adoptadas na concreción curricular fixada no Proxecto Educativo de Centro.
- Os criterios de avaliación establecidos valoran con efectividade a consecución dos obxectivos propostos.
- Os procedementos e instrumentos de avaliación axústanse aos criterios de avaliación indicados.
- As actividades desenvoltas adáptanse á metodoloxía didáctica programada.
- A programación didáctica contempla e manexa con eficacia os recursos e materiais necesarios para favorecer a adquisición dos contidos e obxectivos.
- A programación didáctica organiza axeitadamente os espazos e tempos destinados á realización das actividades previstas.
- A programación didáctica inclúe actividades de reforzo, ampliación e recuperación adecuadas ao perfil, características e necesidades do alumnado.
- A programación didáctica é revisada ao longo do curso e inclúense nela as modificacións pactadas e realizadas.

- A programación didáctica adáptase ao contexto escolar do centro educativo.

Así mesmo, realizarase o seguimento de cada unidade didáctica a través da aplicación PROENS, estipulando e modificando, de ser o caso, a data de inicio e final da explicación de cada unha delas, o número de sesións adicadas ao seu desenvolvemento, especificando as previstas ao comezo e as realizadas finalmente, así como o grao de cumprimento dos obxectivos indicados.

As propostas de mellora da programación derivarán da análise da efectividade da mesma e dos resultados académicos obtidos nas distintas avaliacións e examinados nas reunións de departamento celebradas ao longo do curso, cuxo contido quedará reflectido nas actas correspondentes. Ademais, na memoria final, contemplaranse as propostas de mellora, vinculadas especialmente á adaptación da metodoloxía, materiais e recursos empregados para favorecer a consecución dos obxectivos establecidos.

## **9. Outros apartados**